

Oferta e demanda da docencia universitaria e diagnóstico das necesidades de formación de posgrao na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal

DATOS BÁSICOS

Enlaces dos sitios web da enquisa en *Microsoft Forms* para distribución polos parceiros participantes:

. Universidades públicas de Galicia: Santiago de Compostela (USC), Vigo (UVI) e A Coruña (UDC)

<https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe5E85VAhQclOraW8tabb5-dUODdLR0VOWU9FMDVZSUPOQ0lwMU1ESUIQTS4u>

. Universidades públicas do Norte de Portugal: Minho e Trás-os-Montes e Alto Douro

<https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe5E85VAhQclOraW8tabb5-dUQIMwTVZOWVQ0Wkc3MkpHSVJHU1dTSldGWS4u>

Nota: A Universidade do Porto distribuirá esta enquisa noutras datas e os resultados serán recompilados nunha addenda ó presente documento no seu momento.

Número total de respostas recollidas: 526 (413 no ámbito territorial das universidades galegas e 113 no que respecta as universidades do Norte de Portugal).

Período facilitado para recollida de datos: Inicio no día 1/10/2020 e fin no 11/11/2020.

RGPD: Os datos e números das enquisas e a información que poda derivarse deles foron tratados polos técnicos encargados deste informe respectando, en todo momento, a normativa en vigor e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que concirne ó tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos.

Fe de erratas: Por motivos técnicos e de modo involuntario a opción de ‘outros-indicar’ non foi habilitada convenientemente para obter respostas, inda que na derradeira pregunta se ofrece a posibilidade de aportar información adicional de calquera tipo.


Informe redactado por Antón Aller López, Técnico investigador da USC no proxecto UNISF

E-mail de contacto: anton.aller@usc.es


ANALISE PREGUNTA A PREGUNTA

1. En canto ó **xénero** daquelas persoas, 523 (99,4%) que responderon, dáse unha paridade case absoluta pois os números din que un 52% eran mulleres e un 48% homes, solo 3 persoas optaron por non responder a esta cuestión.

Portugal: Feminino o 49% con 55 respostas e masculino o 51% con 57.



Galicia: Feminino o 53% con 217 respostas e masculino o 47% con 194.



2. A media **de idade** das persoas, nun número de 520 (98% sobre o total de 526), que optaron por responder a esta pregunta é de 48 anos en Portugal e de 37 na Galicia.

A persoa mais nova en dar resposta ten 17 anos e a de mais idade 74.

3. Referente ó nivel de **grao máximo de estudos** acadado os resultados din que:

En **Portugal** un 45% son doutorados, un 20% mestrados, a mesma porcentaxe das respostas obteñen os estudos secundarios, un 14% son licenciados universitarios e o 2% restante pertence a estudantes de bacharelato.

| | |
|--------------------------------|----|
| ● Ensino Secundário | 22 |
| ● Bacharelato | 2 |
| ● Universitário (licenciatura) | 15 |
| ● Universitário (mestrado) | 22 |
| ● Universitário (doutoramento) | 50 |



Na **Galicia**, o 55% son doutorados, o 21% estudantes de bacharelato, o 15% de mestrado e o 9% restante licenciados universitarios, non houbo resposta algunha para a opción de estudos básicos.

| | |
|---------------------------------------|-----|
| ● Estudos básicos | 0 |
| ● Bacharelato | 87 |
| ● Universitarios (licenciatura/gra... | 37 |
| ● Universitarios (mestrado) | 63 |
| ● Universitarios (doutorado) | 225 |








No cómputo total desta cuestión, con 524 respostas (99% sobre o total de 526), os números mostran que a maioría, un 52%, son doutorados, un 16% teñen estudos de mestrado, outro tanto son estudantes de bacharelato, un 10% licenciados e un 4% teñen estudos básicos ou de ensino secundario.






4 e 5. No relativo ás **áreas profesionais** onde traballan as persoas que responderon a esta pregunta sinalar que a maioría, un 63%, pertencen as propias universidades parceiras da UNISF, con algunha excepción fora deste ámbito territorial como a de Liverpool, a Sorbona ou a de Jaén, sendo un número sensiblemente menor, o 19%, os traballadores da comunidade empresarial, que mostra loxicamente unha gran heteroxeneidade de perfís profesionais. Citar tamén que unha de cada catro persoas, o 25%, optaron por non dar información ó respecto da súa dedicación profesional.

Balance total: 392 sobre 526 (74% deron resposta a esta pregunta), mais en detalles serían 310 na Galicia (270 da Universidade+ 40 da comunidade empresarial) e 82 en Portugal (63 da Universidade e 19 das empresas).

6. En canto a cuestión concreta de **canto coñece a oferta educativa** da súa Universidade ou da Universidade da súa rexión, un 96% responderon e nas 506 respostas (un 4%, 20 persoas non facilitaron datos) pódese ver que din non coñecer dita oferta o 4%, afirman que coñecen mal o 6%, que a coñece razoablemente o 33%, que coñece ben o 36% e un 19% coñece moi ben, co cal **pode concluírse** que case 8 de cada 10 persoas teñen un coñecemento bo, razoable ou incluso moi bo da presente oferta educativa.

| | | |
|---|-----------------------|----|
|  | Não conheço | 4 |
|  | Conheço mal | 7 |
|  | Conheço razoavelmente | 34 |
|  | Conheço bem | 37 |
|  | Conheço muito bem | 25 |



| | | |
|---|----------------------|-----|
|  | Non coñece | 16 |
|  | Coñece mal | 27 |
|  | Coñece razoablemente | 137 |
|  | Coñece ben | 147 |
|  | Coñece moi ben | 72 |



7. Das persoas (369 de 526, un 70%) que responderon "Coñezo razoablemente", "Coñezo ben" ou " Coñezo moi ben", a pregunta de **como cualifica a oferta educativa** da súa Universidade ou Universidade da súa rexión para un 5% sería insuficiente, un 23% opinan que é razoable, un 31% din que é boa e para un 13% é incluso moi boa.

Conclusión: 6 de cada 10 semellan satisfeitos ca actual oferta educativa.

| | |
|----------------------------------|----|
| ● Insuficiente /Muito incompleta | 0 |
| ● Razoável | 19 |
| ● Boa | 50 |
| ● Muito boa /Muito completa | 22 |




| | |
|--------------------------------|-----|
| ● Insuficiente /Moi incompleta | 20 |
| ● Razoable | 112 |
| ● Boa | 117 |
| ● Moi boa /Moi completa | 29 |



8. No referente a **canto coñece a oferta educativa** das tres universidades públicas do Norte de Portugal ignórana ou non a coñecen o 37%, pensan que a coñecen mal o 30%, opinan que a coñecen razoablemente o 22%, din que a coñecen ben o 6%,afirman coñecela moi ben o 3% e non saben ou non responderon un 3%.

Conclusión: mais da metade dos que responderon non parecen ter un coñecemento adecuado da oferta.

| | |
|------------------------|-----|
| ● Non coñece | 188 |
| ● Coñece mal | 141 |
| ● Coñece razoablemente | 58 |
| ● Coñece ben | 9 |
| ● Coñece moi ben | 4 |







| | |
|-------------------------|----|
| ● Não conheço | 4 |
| ● Conheço mal | 14 |
| ● Conheço razoavelmente | 54 |
| ● Conheço bem | 25 |
| ● Conheço muito bem | 10 |







9. Dos que responderon "Coñezo razoablemente", "Coñezo ben" ou " Coñezo moi ben", vemos como cualifican **a oferta educativa das tres universidades públicas do Norte de Portugal** como insuficiente ou moi incompleta o 13%, afirman que é razoábel o 35%, pensan que é boa o 41% e opinan que é moi boa o 23%.

Conclusión: 7 de cada 10 opinan que a oferta é boa ou cando menos razoable.






| | | |
|---|--------------------------------|----|
|  | Insuficiente/ Muito incompleta | 0 |
|  | Razoável | 15 |
|  | Boa | 44 |
|  | Muito boa / Muito completa | 30 |



| | | |
|---|------------------------------|----|
|  | Insuficiente /Moi incompleta | 21 |
|  | Razoable | 20 |
|  | Boa | 21 |
|  | Moi boa/Moi completa | 7 |



10. Ante o interrogante de cal é o seu nivel de **coñecemento sobre a oferta educativa das tres universidades públicas de Galicia** (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) os números mostran que un 12% din non coñecer, outro 12% coñecerían a mal, un 39% a coñecen razoablemente, un 25% coñecen ben esta oferta e, por último, un 9% aseguran coñecela moi ben.

| | | |
|---|----------------------|-----|
|  | Non coñece | 10 |
|  | Coñece mal | 32 |
|  | Coñece razoablemente | 187 |
|  | Coñece ben | 128 |
|  | Coñece moi ben | 44 |



| | |
|--|----|
| ● Não conheço | 52 |
| ● Conheço mal | 34 |
| ● Conheço razoavelmente | 15 |
| ● Conheço bem | 2 |
| ● Conheço muito bem | 4 |



11. Daqueles individuos que responderon "Coñezo razoablemente", "Coñezo ben" ou "Coñezo moito ben", á cuestión de **como cualifica a oferta educativa das tres universidades públicas de Galicia**, un 8% vena insuficiente ou moi incompleta, ó 34% parécelles razoable, opinan que é boa o 44% e moi boa ou moi completa o 12% restante.

| | |
|---|----|
| ● Insuficiente / Muito incompleta | 2 |
| ● Razoável | 3 |
| ● Boa | 14 |
| ● Muito boa / Muito completa | 4 |




| | |
|---|-----|
| ● Insuficiente/Moi incompleta | 23 |
| ● Razoable | 100 |
| ● Boa | 122 |
| ● Moi boa/Moi completa | 35 |




12. En canto á **oferta educativa actual** da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a nivel de **mestrado** e as súas características, os resultados das respostas son os seguintes:

- Gran variedade da **oferta**, a metade das respostas concordan con esta opción.
- Moi boa calidade de **formación**, ó igual que na anterior, un de cada dous pensan que é así.
- Alto nivel de **investigación**, mais da metade dos enquisados concordan con esta visión.

- Alto nivel de **internacionalización**, un dos pilares de Bolonia, aquí hai certa discrepancia a ambos lados da raia pois en Portugal concordan que é así mentres en Galicia un terzo das persoas que responderon concordan e outro tanto non están conformes co nivel internacional neste punto.
- Elevado **prestixio**, un terzo en desacordo e un 40% concordan co prestixio da oferta en mestrados. De novo, en Portugal os números mostran un escenario algo diferente pois ata un 70% concordan e solo un 16% discordan nesta característica.
- Moi boa **conexión** coas necesidades da contorna empresarial do territorio, un 40% en Galicia non concordan e pouco mais de un terzo si que o fan neste aspecto. En Portugal, o 60% concordan e tan solo o 16% non o fan en relación a conexión citada.







13. No referente a cal é a **importancia das seguintes dimensións** en canto ao perfil do titulado nun mestrado para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal:

- Coñecemento dos **contidos propios** do mestrado, nove de cada dez persoas consideran importante ou moi importante esta dimensión no mestrado.
- Coñecementos prácticos, o 70% das respostas indican que é un aspecto moi importante.
- Coñecemento do **medio empresarial** circundante, o 80% das respostas a ambos lados da raia ven esta dimensión como moi importante ou cando menos importante.
- Capacidade de **liderado**, case a metade das persoas consideran que é moi importante.
- Capacidade de **resolución de problemas**, sete de cada dez respostas indican que é moi importante esta capacidade.
- **Creatividade**, unha de cada dúas persoas cren que é moi importante.

- **Pensamento crítico**, o 75% opinan que é unha faceta moi importante.
- **Comunicación efectiva**, sete de cada dez ven esta dimensión como moi importante.





14. En canto á posibilidade de propor a creación dun mestrado na súa universidade e/ou noutra/s universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e como se chamaría ese mestrado

Os números ensinan que case a metade das persoas, un 49% (259 sobre 526), deron resposta a esta cuestión.


Atopase unha grande heteroxeneidade nas respostas e, polo tanto, cítanse a continuación algunhas que podan ser consideradas relevantes para o proxecto UNISF por darse mais dunha vez ou de especial interese cara a estratexia de deseño de novos títulos nun futuro próximo.


En **Portugal** destacarían: O Data, o márketing e distintos aspectos do ámbito dixital; o agro en varias das súas dimensións, a auga, os alimentos e distintos elementos naturais que fagan o planeta mais sostíbel. Outras respostas resaltan a importancia das materias interdisciplinares e de atender ó factor transfronteirizo que une os dous territorios. Tamén sen citan enxeñarías varias ou diferentes aspectos da ciencia económica.

No que respecta a **Galicia**: a Innovación, a Investigación e o Desenvolvemento, as novas enerxías, a comunicación con especial atención no audiovisual e nas redes sociais, e finalmente tamén todo o relativo ó 'Bio' (tecnoloxía, informática ou diversidade, por exemplo), a Astronomía e a Astrofísica ou IA (intelixencia artificial).

15. En relación á oferta educativa actual da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal a nivel de doutoramento caracterizaríase por:

- Gran **variedade** da oferta, a metade das respostas concordan ca oferta actual e un terzo non teñen opinión formada sobre o particular.
- Moi boa **calidade** de formación, o 60% concordan que é así.
- Alto nivel de **investigación**, seis de cada dez respostas está de acordo co nivel actual.
- Alto nivel de **internacionalización**, o 40% concordan pero un 30% non están de acordo.
- Elevado **prestixio**, case a metade están de acordo e un terzo, en cambio, en desacordo.
- Moi boa **conexión coas necesidades** da contorna empresarial do territorio, as cifras mostran igualdade en canto a que o 30% concordan, outro tanto en desacordo e o mesmo numero non teñen opinión formada neste aspecto.







16. Sobre a cuestión da importancia das seguintes dimensións en canto ao perfil do doutor para a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal:

- No coñecemento **da disciplina**, seis de cada dez o consideran moi importante.
- Nos coñecementos **prácticos**, o 60% ven esta dimensión como moi importante.
- En canto ó coñecemento do **medio empresarial circundante**, un 70% pensan que é importante ou moi importante.
- A capacidade de **liderado**, oito de cada dez respostas mostran que esta é unha dimensión considerada importante ou moi importante.
- Na capacidade de **resolución de problemas**, para o 80% é importante ou moi importante.
- Na **creatividade**, oito de cada dez consideran que é importante ou moi importante.
- **Pensamento crítico**, en case o 80% das enquisas cren que é moi importante.
- A Capacidade de **captación de recursos externos**, para un de cada dous é moi importante.
- As **Publicacións internacionais**, para un terzo é importante, para o 50% moi importante.
- A **Participación en redes internacionais**, para o 30% é importante, e para un 50% moi importante.

- A **Capacidade emprendedora**, algo mais do 30% responden que é importante e un 40% ven unha dimensión moi importante.
- A **Vinculación ao sector empresarial**, mais dun 40% das respostas opinan que é importante e para un terzo moi importante.





17. Ante a interrogante da possibilidade de propor a creación dun programa de doutoramento na súa universidade e/ou noutra/s universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e **como se chamaría ese programa de doutoramento**, varias das respostas reclaman interdisciplinariedade e transversalidade nestes programas. Ademais fan fincapé na potencialidade da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal cara a futuros proxectos en transporte, envellecemento ou o agro e as súas múltiples posibilidades.

No que concirne a **Portugal**: o Agro (viticultura), as Enxeñarías, o Turismo ou as Artes.

En canto a Galicia: o Envellecemento, o Desenvolvemento sustentábel, a Biotecnoloxía, a IA(intelixencia artificial) ou as tecnoloxías da información.

Os números desta cuestión: 195 respostas recompiladas sobre un total de 526 (37 %).



18. Na pregunta da **medida en que valora a sociedade a oferta educativa e a produción científica e tecnolóxica** das universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cabe resaltar que as cifras difiren bastante, as veces, entre un e outro lado da 'raia'.

Na **oferta de grao/licenciatura**, sete de cada vez valórana positivamente.

Na **oferta de mestrado**, mais do 40% danlle un valor efectivo.

Na **oferta de doutoramento**, en Portugal case o 50% valórana e na Galicia tan só un terzo.

Na **produción científica e tecnolóxica**, en Portugal mais da metade valoran moito mentres en Galicia son mais os que a valoran pouco, 32%, que aqueles que si o fan, un 27%.



19. Ante a cuestión de cal é o grao de **conexión entre a actividade do sistema universitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e as necesidades da contorna empresarial**, os números mostran as conclusións seguintes:


A **Formación técnica e profesional**, mais da metade das respostas indican que é satisfactoria ou moi satisfactoria.


A **Preparación para o mundo laboral**, en Portugal os números mostran que mais dun 50% están satisfeitos e o 20% pouco satisfeitos mentres en Galicia son mais aqueles que se atopan pouco ou nada satisfeitos.

Na **Definición de liñas de investigación**, mais da metade pensan que é satisfactorio fronte a case un terzo que opinan o contrario, que é pouco satisfactorio.

A **Definición da oferta de mestrado**, case a metade pensan que é satisfactorio fronte a mais dun terzo que din que é pouco satisfactorio.

A **Definición da oferta de doutoramento**, en Galicia son mais os que pensan que é pouco ou nada satisfactorio mentres en Portugal son o dobre as persoas que se atopan satisfeitas fronte a aqueles que din estar pouco ou nada neste aspecto.





20. As opinións de ata que punto se valora o ambiente empresarial circundante á oferta educativa e á produción científica e tecnolóxica das universidades na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, en porcentaxe, serían as seguintes:

Non o valora, o 6%.

Valora pouco, é a resposta predominante cun 33%.

Dálle valor, o 30%.

Valora moito, un 11%.

Sen opinión nesta cuestión, o 14%.

| | |
|----------------|-----|
| ● Non valora | 28 |
| ● Valora pouco | 159 |
| ● Valora | 104 |
| ● Valora moito | 34 |
| ● Sen opinión | 56 |



| | |
|-----------------------|----|
| ● Não valorizam | 1 |
| ● Valorizam pouco | 15 |
| ● Valorizam | 54 |
| ● Valorizam muito | 23 |
| ● Sem opinião formada | 13 |



Cifras totais: 487 respostas, o 92% sobre o total (526) da enquisa.

21. Na cuestión de, alén dos coñecementos e as habilidades técnicas, que **competencias persoais das persoas tituladas nun mestrado e/ou doutoramento consideran máis importantes** para determinar a súa empregabilidade na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, os números ensinan o seguinte escenario:

A Capacidade de **adaptación a ámbitos cambiantes**, nove de cada dez consideran que é importante ou moi importante.

Na Capacidade de **traballo en equipos multi e inter disciplinares**, o 80% o ven como moi importante.



A **Responsabilidade ambiental e social**, mais da metade consideran que é moi importante e outro 40% o ven como importante.

O **Compromiso e Integridade ética**, o 70% din que é moi importante e para un terzo é importante.

A **Lealdade á organización**, case a metade opinan que é importante e para o 30% moi importante.

A **Capacidade de toma de decisións**, o 70% din que é moi importante e para un terzo é importante.

Na **Capacidade de aprendizaxe constante**, un 80% consideran que é moi importante esta competencia.



22. Ante a pregunta de si responde a oferta educativa das universidades na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ás necesidades actuais e futuras da comunidade empresarial das respostas recompiladas poderíase dicir que:

Nas necesidades **actuais**, en Portugal din que si o 53%, que non un 18% e sen opinión o 28%; na Galicia opinan que si o 38%, que non o 31% e non teñen opinión nesta cuestión un 30%.

No que concirne ás necesidades **futuras**, en Portugal opinan que si o 33%, que non un 26% e non opina o 40%; na Galicia din que si o 16%, que non un 39% e quedan sen opinión o 43% restante.

■ Non ■ Si ■ Sen opinion



■ Não ■ Sim ■ Sem opinião formada



23. No relativo a si deberían **definirse novas titulacións** e/ou especialidades universitarias capaces de dar resposta ás necesidades e expectativas laborais futuras opinaron que **NON** o 12% , que **SI**, unha maioría dun 50% e non teñen opinión ó respecto o 37%.

Cifras: 495 respostas dun total de 526 (94%).

| | |
|---------------|-----|
| ● Non | 47 |
| ● Si | 210 |
| ● Sen opinion | 131 |



| | |
|-----------------------|----|
| ● Não | 13 |
| ● Sim | 41 |
| ● Sem opinião formada | 53 |



24. Daquelas persoas que responderon “Si” indicaron **cal/es titulación/s** e/ou especialidades universitarias un 32 % con 170 respostas, das cales pódense citar algunhas como, en Portugal: a biotecnoloxía, a Intelixencia Artificial (IA), a robótica, as alteracións climáticas ou agricultura e na Galicia: tamén a robótica ou a IA, a bioinformática, a cooperación internacional, o impacto ambiental e o cambio climático ou a xestión forestal.

Varias das respostas inciden na necesidade de planificar con antelación suficiente e outras citan a idea de que non fan falta tanto novos títulos como actualizar e remodelar aqueles que se imparten no presente con éxito programático e do número de alumnos polo seu interese no futuro profesional dos estudantes.

25. Na última interrogante, xa de temática libre, que di 'Por favor, use o espazo seguinte se desexa facer **máis comentarios** sobre o tema' responderon 75 persoas, o 14%.

Das respostas facilitadas nesta parte do cuestionario pódense mencionar algunhas ideas susceptibles de ser levadas á práctica pois son recorrentes e coincidentes no parecer en todo o territorio que abrangue a Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal.

Algunhas delas serían:

- Adaptar e mellorar os contidos da actual oferta educativa, transformando e renovando, así como as formas de aprendizaxe (métodos) evitando duplicidades e repetición de contidos nas materias.
- Revisar plans de estudos e programas, contidos das materias que se imparten.
- Estudos sociais en relación ca media de idade da poboación, as súas circunstancias e dinámicas propias na nosa Eurorrexión.
- Unha maior oferta de estudos a distancia pola actual circunstancia de pandemia global.
- A preocupación sobre o medio natural e todo o que o rodea é evidente pois moitos poñen énfase na potencialidade do agro, o bio.
- A dixitalización en moitos ámbitos da vida presente fai que se repitan respostas relativas á demanda en Intelixencia Artificial ou no *Big Data*.
- A especialización en moitos ámbitos de traballo ten que conxugarse ca mestura de disciplinas ou ramas científicas que si ben actuaban por separado, hoxe atópanse intrinsecamente relacionadas entre elas.
- Procurar sinerxías entre distintas áreas do saber e o coñecemento.
- O custo das taxas ou propinas e as diferencias que pode haber en distintas areas universitarias desta Eurorrexión.
- Promover unha maior cooperación e coordinación entre a contorna empresarial e a universitaria, na investigación e lograr mais efectividade nos mestrados e doutoramentos.
- Automatización e dixitalización de procedementos construtivos.
- A necesidade de intentar adaptar os tempos dos cursos universitarios cos do mundo laboral e profesional na actualidade e cara o futuro.

Por último, engadir como proposta alternativa, que podía ser boa praxe a distribución da mesma enquisa, adaptando o seu contido a idade dos que podan responder, entre outros segmentos da cidadanía como, por exemplo, os universitarios do futuro, actualmente no bacharelato, para coñecer a súa opinión sobre o que demandan en canto a contidos programáticos, inquiredanzas e desexos profesionais e vinculación á contorna empresarial e a sociedade da que van formar parte.



Interreg
Espanña - Portugal



UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional



UNISF
UNIVERSIDADE SEM FRONTEIRAS



utad

Universidade de Vigo



Universidade do Minho

U. PORTO

UNIVERSIDADE
DO PORTO